

As esponxas de Torre del Pino.

Torre del Pino, situada na comarca da Axarquía, é unha das moitas torres ameadas que vixiaban esta costa, e queda dentro do Parque Natural dos cantís de Maro-Cerro Gordo.

Baixo a auga abundan as especies de animais filtradores, como os que poboan estas paredes densamente colonizadas por diversos tipos de esponxas e corais de cor laranxa.

A diversidade de especies de esponxas é alta e as súas cores tamén; as tonalidades amarelas, brancas, bermellas e azuis son características dunha ou outra especie.

O detalle maosa os ósculos, por onde entra e sae a auga que filtra esta esponxa bermella, de nome *Hymeniacidon sanguinea*, así como as partículas en suspensión tan abondosas nestas augas.

Estes ambientes están dominados polo mundo animal; son fercuentes as colonias de coralináceos, como o falso coral ou coralina, e os peixes netónicos, como o rascacio, especie máis ben sedentaria aínda que de rápidos movementos e desprazamentos curtos.

As esponxas de diversa coloración tapizan o sustrato rocoso, e, en ocasións tamén as inclinadas paredes.

Dependendo da súa ubicación e do sustrato, a forma das esponxas adáptase aos distintos ambientes, máis ben aplanadas e comprimidas cando se fixan nas paredes ou con aspecto máis voluminoso e aéreo cando se erguen sobre o fondo, como o caso desta esponxa amarela do xénero *Axinella*, coñecida popularmente como esponxa de corno de cervo.

Outras tamén adoptan formas menos erguidas. Esta visión de conxunto permite adiviñar a rede de conductos intercomunicados no interior da esponxa por onde circula a auga e as partículas das que se alimenta.

Os estudos relacionados coa competencia polo espacio nestes sustratos tan demandados concluíron que existe unha forte presión por parte das diferentes especies; esponxas, cnidarios, ascidias, briozoos e outras moitas por se asegurar unha área de vida mínima. Así se establece un mosaico multicolor e cambiante, en función da preponderancia duns ou doutros animais, filtradores principalmente, que colonicen unha zona concreta.

Algunhas esponxas como *Clathrina clathrus* expanden un pedúnculo para colonizar novos sustratos. Estes pedúnculos teñen unha lonxitude variable.

Nacen do proxenitor e exténdense desde as rochas de augas superficiais, que na súa parte superior sustenta prantas de *Posidonia Oceanica*.

Estas estratexias expansivas veñen confirmar a enorme competencia entre os diferentes organismos sésiles.

Perante a case que nula posibilidade de expansión mediante a conquista do territorio veciño, as estratexias que permiten lanzar propágulos a unha certa distancia representan unha vantaxe competitiva notable.

A alternativa de colonizar zonas máis alonxadas, desde a matriz principal, a través destas excrescencias entra nesa categoría de estratexias colonizadoras.

Tan peculiar xeito de expansión exténdese entre peixes como os serráns e as doncelas, no intrincado espacio conde cohabitan vermes tubícolas, briozoos e outras esponxas que tapizan as paredes das covas submarinas da costa de Nerja.